



CONCELLO DE REDONDELA

EXPEDIENTE N.º 1583/2020

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O Concello de Redondela co obxecto de adoptar as medidas de saúde pública de carácter extraordinario que require a evolución do coronavirus COVID-19 dentro do seu ámbito territorial e no marco das competencias que ten atribuídas pola lexislación vixente e, atendendo as medidas xa comunicadas polo Goberno do Estado e a Xunta de Galicia.

Tendo en conta o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga).

Considerando igualmente o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Tras a reunión mantida polo Comité de Seguimento do Concello de Redondela a 14 de marzo de 2020 se entende necesario implementar medidas adicionais de prevención, **que se aplicarán dende o día 15 e ata o 29 de marzo.**

En virtude das competencias que outorga a esta Alcaldía o artigo 21.1 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, se procede á adopción da seguinte

RESOLUCIÓN,

PRIMEIRO. Recordar á veciñanza as recomendacións xa dadas polas autoridades sanitarias e administrativas competentes, en canto ao deber de manter un espacio de seguridade entre as persoas e igualmente facer un uso responsable dende as recomendacións sanitarias do mobiliario urbano.

Recordar tamén que estando garantidos as subministracións de alimentos, así como a apertura dos establecementos comerciais para a súa venda, se deberá permanecer nos mesmos soamente polo tempo estritamente necesario, e se deberán evitar aglomeracións así como gardar as distancias de seguridade.

SEGUNDO. Limitar a entrada ao cemiterio municipal de Mañó, a un máximo de 25 persoas, de conformidade co acordo do Consello da Xunta de Galicia de 13 de marzo.

TERCEIRO. Acordar o peche de todas as fontes públicas conectadas á rede pública de abastecemento de auga, sitas no término municipal.

CUARTO. Informar á veciñanza que de acordo coa disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, se suspenden términos e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.

O cómputo dos prazos se reanudarán no momento en que perda vixencia o real decreto que determina o estado de alarma ou no seu caso as prórrogas do mesmo.

QUINTO. Dar publicidade á presente resolución a fin de poñela en

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: YX42GRZ5AS6LLE725SF4572Q | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



CONCELLO DE REDONDELA

coñecemento dos usuarios dos servizos e dos veciños en xeral.

A ALCALDESA

Digna Rosa Rivas Gómez

A SECRETARIA

M.^a Ángeles García Villaverde

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE



Cod. Validación: YX42GRZ5AS6LLEY22SF45T2Q | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C